



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GRAO EN FISIOTERAPIA

“Influencia do exercicio físico durante o embarazo na incontinencia urinaria de esforzo e o parto: unha revisión sistemática.”

Influence of physical exercise during pregnancy of stress urinary incontinence and childbirth: a systematic review.

Influencia del ejercicio físico durante el embarazo en la incontinencia urinaria de esfuerzo y el parto: una revisión sistemática.



Facultade de Fisioterapia

Alumno: Dna. Lucía López López

DNI: 34.285.049 F

Director: Dna. Alicia Martínez Rodríguez

Convocatoria: Xuño 2020

Índice

1. Resumo	4
1. Abstract	5
1. Resúmen	6
2. Introducción	7
2.1. Tipo de traballo	7
2.2. Motivación persoal.....	7
3. Contextualización	8
3.1. Antecedentes	8
3.1.1. Mecanismo de continencia e afectacións	8
3.1.2. IUE e embarazo	9
3.1.3. Incontinencia urinaria e parto	10
3.1.4. Cesárea como medida de protección da IU	11
3.1.5. Embarazo e fisioterapia	11
3.2. Xustificación do traballo.....	12
4. Obxectivos	13
4.1. Pregunta de investigación	13
4.2. Obxectivo xeral.....	14
4.3. Obxectivos específicos	14
5. Material e método	14
5.1. Data da revisión e bases de datos	14
5.2. Criterios de selección	15
5.3. Estratexia de busca.....	16
5.4. Xestión da bibliografía localizada.....	17
5.5. Selección de artigos.....	17
6. Resultados	16
7. Discusión	34
7.1. Discusión dos resultados obtidos.....	34
7.1.1. Abordaxe preventiva e/ou terapéutica da IU.....	35
7.1.2. Modo e duración do parto	37
7.2. Limitacións do traballo	39
7.3. Recomendacións para futuros traballos	39
8. Conclusións	40
Bibliografía	41

Anexo 1: Busca revisións sistemáticas e ensaios clínicos.....	48
--	-----------

Índice de figuras

Figura 1: Diagrama de fluxo da busca de revisións sistemáticas.....	13
Figura 2: Diagrama de fluxo das buscas de ensaios clínicos.....	14

Índice de táboas

Táboa 1: Bases de datos empregadas.....	14
Táboa 2: Palabras claves de xerais a específicas.....	16
Táboa 3: Niveis de evidencia (SIGN) e calidade metodolóxica dos traballos incluídos segundo factor de impacto da revista onde foron publicados e escala PEDro para os ensaios clínicos.....	16
Táboa 4: Abordaxes preventivas e/ou terapéuticas na Incontinencia Urinaria.....	19
Táboa 5: Abordaxes con influencia no modo e duración de parto.....	22
Táboa 6: ECA analizados en cada unha das revisións incluídas neste traballo.....	25

Índice de acrónimos e abreviaturas

EMSP	Exercicio da musculatura do solo pélvico
PFME	Pelvic floor muscle exercises
IU	Incontinencia Urinaria
IUE	Incontinencia Urinaria de Esforzo
IUM	Incontinencia Urinaria Mixta
IUU	Incontinencia Urinaria de Urxencia
SNS	Sistema Nacional de Saúde
OMS	Organización Mundial da Saúde
CAM	Cavidade Abdominal Manométrica
ECA	Ensaio clínico aleatorizado
RS	Revisión sistemática
CI	Criterios de inclusión
CE	Criterios de exclusión
TTO	Tratamento
JCR	Journal Citation Report
SJC	Scimago Journal and Country Rank
SIGN	Scottish Intercollegiate Guidelines Network
GI	Grupo intervención
GC	Grupo control
CdV	Calidade de vida
RR	Risco relativo
OR	Odds ratio
SMD	Standardized mean difference
WMD	Weighted mean difference
MD	Mean difference
GAA	Grupo actividade alta
GAB	Grupo actividade baixa
Rep	Repeticións
NE	Non especificado

1. Resumo

Obxectivo: Analizar a efectividade e seguridade do exercicio físico durante o embarazo como prevención ou tratamento da incontinencia urinaria de esforzo no propio embarazo e no posparto, así como no tipo de parto e duración do mesmo.

Material e métodos: Realizouse unha busca sistemática en PubMed, PEDro, Web of Science Cochrane, NIHL e Scopus dende 2015 ata abril de 2020. Incluíronse as revisións e ensaios clínicos posteriormente publicados que avaliaron o uso do exercicio xeral ou específico de solo pélvico durante o embarazo na incontinencia urinaria, duración do parto ou tipo de parto (vaxinal ou cesárea) en mulleres continentes ou incontinentes ó inicio da intervención. Avaliouse o factor de impacto das revistas a través de JCR/SJR e, ademais, para os ensaios clínicos empregouse a ferramenta de PEDro.

Resultados: Incluíronse 9 revisións sistemáticas (2 das cales foron publicadas en revistas Q1, 4 en Q2 e o resto en Q3-4) e 6 ensaios clínicos aleatorizados (de 5,5 de calidade media na escala PEDro, con un rango de 4 a 7) Dun total de 5 traballos, 4 obtiveron resultados positivos na IU, especialmente no curto prazo e en mulleres continentes. Os estudos con efectos positivos coinciden coas intervencións máis completas, incluíndo, non só exercicio muscular do solo pélvico (EMSP) senón tamén exercicio xeral aerobio e de resistencia. Trece traballos analizaron a influencia do exercicio físico no desenvolvemento do parto. En 6 deles observouse unha diminución no número de cesáreas e en 5 deles un acurtamento do parto, concretamente na fase de dilatación. A maioría combinaron a realización de exercicio xeral e específico de solo pélvico, porén existe unha gran heteroxeneidade nos protocolos empregados. Só 1 estudo atopou efectos adversos leves dos 4 que os recolleron.

Conclusións: O exercicio físico durante a xestación semella diminuír sobre todo a incidencia da IU, ao igual que mellora a sintomatoloxía e calidade de vida das mulleres embarazadas e puérperas. En relación co parto, podería influír positivamente acurtando a súa duración e diminuíndo a ratio de cesáreas. Fan falta estudos de calidade para identificar os mellores protocolos de exercicio, establecer a súa seguridade e os efectos a longo prazo.

Palabras clave: Embarazo, parto, incontinencia urinaria, exercicio físico.

1. Abstract

Objective: To evaluate the effectiveness and safety of physical exercise during pregnancy, as a prevention or treatment approach both in stress urinary incontinence in the pregnancy itself and in the postpartum period, as well as in the type of delivery and its duration.

Material and methods: PubMed, PEDro, Web of Science Cochrane, NIHL and Scopus databases were searched between 2015 and April 2020. Reviews and subsequently clinical trials on general or specific pelvic floor exercise during pregnancy assessing urinary incontinence, duration of labour, or type of delivery (vaginal or caesarean) in continent or incontinent women at the start of the intervention, were included. The quality of the studies was evaluated through the impact factor of the journals (JCR / SJR) and, in addition, PEDro was used for clinical trials.

Results: Nine systematic reviews (2 of them published in Q1 journals, 4 in Q2, and the rest of them in Q3-4) and 6 randomized clinical trials (PEDro mean quality of 5.5, ranging from 4 to 7) were included. From 5 works assessing UI, 4 had positive results, especially in the short term and in continent women. These studies with positive effects coincide with the most complete interventions, including not only pelvic floor muscle exercise (PFME), but also general aerobic and resistance exercise. Thirteen articles analysed the influence of physical exercise on the development of labour. In 6 of them a decrease in the number of caesarean sections has been observed and in 5 of them the shortening of labour, specifically in the dilation phase. Most of the included studies combined the performance of specific (PFME) and general exercise, however there is great heterogeneity in the protocols used.

Conclusions: Physical exercise during pregnancy seems to decrease the incidence of UI, as well as the improvement of the symptoms and quality of life of pregnant and postpartum women, mainly continents. In relation to labour, physical exercise could positively influence its duration and decrease the caesarean section ratio. Quality studies are needed to identify the essential components of exercise programs and the long-term effects.

Key words: Pregnancy, childbirth, urinary incontinence, physical exercise.

1. Resumen

Objetivo: Analizar la efectividad y seguridad del ejercicio físico durante la gestación, tanto en la incontinencia urinaria de esfuerzo en el propio embarazo y en el posparto, como en el tipo de parto y su duración.

Material y métodos: Se ha realizado una búsqueda sistemática de la evidencia en PubMed, PEDro, Web of Science Cochrane, NIHL y Scopus desde 2015 hasta abril de 2020. Se incluyeron revisiones y ensayos clínicos posteriores que evaluaron el uso de ejercicio general o específico de suelo pélvico durante el embarazo en la incontinencia urinaria, duración y tipo de parto (vaginal o cesárea) en mujeres continentales o incontinentales al inicio de la intervención. El factor de impacto de las revistas se evaluó a través de JCR/SJR y, además, para los ensayos clínicos se empleó la herramienta PEDro.

Resultados: Se incluyeron 9 revisiones sistemáticas (2 de las cuales se publicaron en revistas Q1, 4 en Q2 e o resto en Q3-4) y 6 ensayos clínicos aleatorizados (de 5,5 de calidad media en la escala PEDro, con un rango de 4 a 7). De un total de 5 trabajos, 4 obtuvieron resultados positivos en la IU, especialmente a corto plazo y en mujeres continentales. Los estudios con efectos positivos coinciden con las intervenciones más completas, incluyendo, no sólo ejercicio muscular de suelo pélvico (EMSP), sino también ejercicio general aeróbico y de resistencia. Trece trabajos analizaron la influencia del ejercicio físico en el desarrollo del parto. En 6 de ellos se ha observado una disminución en el número de cesáreas y en 5, el acortamiento del parto, concretamente en la fase de dilatación. La mayoría combinaron la realización de ejercicio general y específico de suelo pélvico, sin embargo, existe una gran heterogeneidad en los protocolos empleados. Sólo 1 estudio encontró efectos adversos leves de los 4 que los recogieron.

Conclusiones: El ejercicio físico durante la gestación parece disminuir sobre todo la incidencia de la IU, al igual que la mejora de la sintomatología y calidad de la vida de las mujeres embarazadas y puérperas. En relación con el parto, podría influir positivamente acortando su duración y disminuyendo la ratio de cesáreas. Hacen falta estudios de calidad para identificar los mejores protocolos de ejercicio, establecer su seguridad y los efectos a largo plazo.

Palabras clave: Embarazo, parto, incontinencia urinaria, ejercicio físico.

2. Introducción

2.1. Tipo de traballo

O presente traballo é unha revisión bibliográfica onde se aborda a influencia da fisioterapia realizada durante o período do embarazo, no desenvolvemento do parto e na abordaxe precoz da incontinencia urinaria durante a xestación e puerperio.

Este tipo de traballo realízase de forma sistemática, co fin de estruturar e resumir toda a información actual e recente, garantindo a súa reproducibilidade.

2.2. Motivación persoal

O meu interese polo campo uroxicológico e obstétrico, presente dende antes de iniciar a formación en Fisioterapia, cobrou moita máis importancia a partir de cursar a materia de Fisioterapia abdomino-pelve-perineal no terceiro curso. A análise que se realizou nesta materia dos diferentes tipos de partos e as posteriores consecuencias, así como da eficacia, total ou parcial, da fisioterapia para o tratamento das mesmas, foi vital para determinar o tema principal deste TFG. Deste xeito, decidín realizar un cambio no enfoque da abordaxe destas mulleres, non buscando o restablecemento da súa calidade de vida no posparto senón, a través do abordaxe precoz, conseguir o seu mantemento durante todo o proceso de xestación e puerperio.

3. Contextualización

3.1. Antecedentes

3.1.1. Mecanismo de continencia e afectacións

O control da micción prodúcese pola coordinación entre o músculo detrusor e a uretra. Durante o enchido paulatino da vexiga, esta vai adaptando o seu ton muscular ó incremento de volume. Cando esta alcanza a súa capacidade fisiolóxica, prodúcese a contracción do detrusor simultaneamente á relaxación da uretra e do seu esfínter externo, permitindo a saída da urina ata o meato. Como podemos observar, é fundamental a correcta coordinación vexiga-uretra para que se produza o mecanismo de continencia. Este proceso, en condicións normais, é totalmente involuntario e inconsciente dada a innervación autonómica de uretra e vexiga urinaria (1).

En caso de que a uretra non consiga manter unha presión superior á da vexiga durante a fase de enchido, producírase a IU, entendida como a perda involuntaria de urina obxectivamente demostrable e considerada un dos principais problemas xenitourinarios que presenta a poboación adulta. Concretamente, a sexta Consulta Internacional sobre a Incontinencia (ICI) estimaba que en 2018, a nivel mundial, alcanzaríanse cifras de 420 millóns de persoas afectadas, das cales 300 millóns serían mulleres (2). Deste xeito, o sexo feminino convértese nun dos principais factores de risco para a IU, como así o reflexa en España, o rexistro de actividade na atención especializada do Portal Estatístico do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social¹ onde dun total de 18.299 casos entre os anos 2016 e 2017, 16.860 eran mulleres. Ademais do sexo, a idade avanzada, o embarazo, o parto vaxinal ou unha segunda fase do parto prolongada tamén son considerados factores de risco (3).

Dentro da IU, diferenciamos a través dos síntomas, signos e/ou estudos urodinámicos, a incontinencia urinaria de estrés ou esforzo (IUE) cunha prevalencia media en mulleres do 31.3%, seguida da incontinencia urinaria mixta (IUM) (56.7%) e finalmente, a incontinencia urinaria de urxencia (IUU) (11.9%) (4). Estes porcentaxes aumentarán progresivamente ó envellecemento da poboación.

Nesta revisión centrarémonos principalmente na IUE, producida por unha incapacidade do músculo esfínter externo de controlar o volume de urina cando se incrementa a presión intraabdominal ante esforzos como tusir, rir, cambiar de posición ou levantar obxectos. As causas son múltiples pero destacamos principalmente (5,6) :

¹ Dirección web: <https://www.mscbs.gob.es/estadEstudios/estadisticas/sisInfSanSNS/home.htm>

- Alteración no sistema intrínseco de peche uretral.
- Afectación da musculatura do solo pélvico que dá lugar a una alteración do soporte uretral e un incremento da súa mobilidade dificultando o seu peche.
- Alteración da estabilidade lumbopélvica que pode favorecer a aparición da IU pola incapacidade de transmisión das presións intraabdominais.
- Retraso na reclutación da musculatura do solo pélvico que imposibilita contrarrestar o incremento de presións intraabdominais.

3.1.2. IUE e embarazo

O principal tipo de IU que nos atopamos en relación co embarazo e o parto é a IUE, porén a súa prevalencia é difícil de calcular, debido a varios factores entre os que destaca o tabú que rodea a este tipo de afeccións e que tende a conducir a un infradiagnóstico das mesmas. Considérase que no embarazo a prevalencia da IU oscila entre un 30.2% a un 48.5%, aumentando no posparto ata un 72.1% (7–9) .

Durante o embarazo, existen factores mecánicos e hormonais que facilitan a aparición de IUE durante a xestación e a súa persistencia durante o posparto. Entre eles, destacamos (10,11):

1. Factores hormonais:
 - 1.1. Incremento da segregación de proxesterona e relaxina, que produce unha diminución de ton da musculatura lisa de vexiga, uretra e musculatura do solo pélvico.
2. Factores mecánicos.
 - 2.1. Incremento do peso da muller e do tamaño do útero que produce un aumento da presión intraabdominal, unha elongación da uretra e un desprazamento do colo vesical.
 - 2.2. Aumento da lordose lumbar por relaxación dos ligamentos vertebrais, que dá lugar a unha tendencia á anteversión pélvica. Esta colocación da pelve, xunto co incremento da presión intraabdominal, favorece a anteriorización das cargas cara o periné anterior. Se ademais se presenta unha diástase abdominal, a inestabilidade lumbopélvica incrementase, favorecendo a IUE.
 - 2.3. O estrinximento pola diminución de ton e movemento da musculatura intestinal lisa máis a toma de ferro durante o embarazo, incrementa o emprego da técnica de Valsalva durante a defecación aumentando a distensión da musculatura pelviana.

- 2.4. O aumento de produción de urina durante o embarazo, incrementa a presión intraabdominal da embarazada.

Se ademais, este contexto é acompañado de debilitamento previo ao embarazo da musculatura do solo pélvico, as probabilidades de padecer IUE incrementáanse (3).

3.1.3. Incontinencia urinaria e parto

Como se mencionou anteriormente, o parto é un forte factor de risco para a IUE, polo que profundizaremos nas etapas que o conforman e algunhas das complicacións que poden ocorrer nas mesmas. Dentro do parto diferenciamos tres fases fundamentais: a dilatación, a expulsión e o alumbramento.

Durante a fase de dilatación, o cérvix ou colo experimenta tres sucesos fundamentais para o correcto transcurso do parto: o reblandecemento do colo uterino, o borramento e, finalmente, a dilatación. Esta fase varía entre nulíparas e múltiparas, podendo experimentar estas últimas un proceso de borramento e dilatación conxunto. A duración da dilatación varía entre nulíparas e múltiparas e co emprego de anestesia, aínda que o promedio sen anestesia é de 8,1 horas en nulíparas e 5,7 horas en múltiparas (12,13).

Esta fase, á súa vez, é subdividida en fase latente e fase activa, onde a primeira se caracteriza por contraccións uterinas irregulares e a expulsión do tapón mucoso, ademais de acompañarse dun borramento e dilatación cervical lentos ata un máximo de 4 cm. A fase activa, pola contra, caracterízase por contraccións máis regulares que acompañan a un proceso de dilatación moi rápido. Esta segunda fase dáse por completada ós 10 cm de dilatación, verificados polos tactos vexinais ou polo inicio espontáneo dos puxos maternos (12,14).

Durante a fase do expulsivo, comprendida dende a dilatación completa ata o nacemento do feto, diferéncianse unha primeira etapa pasiva sen contraccións uterinas involuntarias e, unha segunda fase activa na que si aparecen esas contraccións ou ben se desencadean os puxos maternos. A duración normal estimada sen epidural é de 54 minutos en mulleres nulíparas e de 18 minutos en mulleres múltiparas, sendo a máxima de 1 hora para ambas sen anestesia (12). A prolongación desta segunda etapa está relacionada cun maior índice de partos vexinais instrumentalizados e de cesáreas, cun grao de evidencia 2 (12).

Desta forma, se debido á instrumentalización do parto por unha prolongación do expulsivo, se dá lugar a unha alteración estrutural do solo pélvico, favoreceríase a alteración do soporte uretral e a posterior aparición da IUE (15–17). Do mesmo xeito, aínda que non se produza dita instrumentalización, soamente pola tensión mantida a nivel neuromiofascial (15,16),

podería predispoñerse á presenza de IUE no posparto, ben no período inmediato (< 3 meses), medio (3 a 6 meses) ou tardío (6 a 12 meses) (18).

Por último, o parto finaliza coa fase de alumbramento, comprendida entre a expulsión do feto e da placenta e as membranas ovulares, na cal non cesan as contraccións uterinas aínda que de forma indolora, para permitir o desprendemento da placenta e a adaptación ao novo volume uterino (13,19).

3.1.4. Cesárea como medida de protección da IU

A prolongación tanto da fase de dilatación como do expulsivo, é dicir, o fracaso no proceso de parto, é un indicador para a realización de cesárea por causa maternal. Neste caso, un tipo de cesárea de categoría 2, ao ser urxente pero de realización non inmediata (19). Diferenciamos a parte deste tipo, a cesárea de categoría 1 (urxente e inmediata), de categoría 3 (programada non urxente) e de categoría 4 (programada e urxente) (19).

Non obstante, aínda que a evidencia actual reflexa unha maior presenza de afectación no solo pélvico nas mulleres con antecedentes de partos vaxinais, a cesárea non supón unha estratexia preventiva que deba instaurarse de forma protocolizada co fin de evitar a IU no posparto. Isto débese, en parte, a que a IU durante o embarazo, independentemente de se se realiza cesárea ou non, é un forte preditor da IU durante o posparto (20–23). En algúns casos, as cesáreas programadas si poden axudar a diminuír a prevalencia da IU no posparto, como os embarazos múltiples, aínda que non existe consenso científico sobre esta realidade (24).

3.1.5. Embarazo e fisioterapia

Actualmente, a concepción do embarazo como un período no que a xestante debería reducir esforzos, foi substituída por entender esta etapa como unha oportunidade para continuar coa súa actividade deportiva ou incluso, iniciala. Deste xeito, obviando as actividades con impacto, risco de golpes ou caídas, as embarazadas poden realizar unha gran variedade de exercicios físicos. (25).

Os principais tipos de exercicios xerais que as guías de práctica clínica recomendan ás xestantes, son os exercicios aerobios, de resistencia e de estiramento, para a mellora da función cardiovascular, a forza e a flexibilidade (ex. natación, pilates ou bicicleta estática). Consideraremos esta abordaxe como un enfoque de exercicio xeral. Recoméndase realizalos a unha intensidade moderada (3-6 METs) regulada a través da frecuencia cardíaca (40-59%

da frecuencia cardíaca de reserva), a capacidade de fala (“talk test”) ou a escala de esforzo auto percibido de Borg (valores entre 12-14 equivalentes a sensación de “algo duro”) (26).

Do mesmo xeito, os exercicios da musculatura do solo pélvico (EMSP) ou exercicios de Kegel aparecen recollidos nestas guías como estratexia para fortalecer o solo pélvico a través de contraccións voluntarias do mesmo, sen intervención abdominal ou glútea, incrementando a presión intrauretral e evitando as fugas de urina. Outra forma de conseguir este fortalecemento é a través das aspiracións diafragmáticas ou máis coñecidas como hipopresivos, onde se produce, mediante técnicas posturais, a diminución da presión intraabdominal e o fortalecemento da faixa lumbopélvica (27–29). Este enfoque será considerado como exercicio específico para os obxectivos do presente traballo.

Polo tanto, esta revisión estará centrada nas abordaxes anteriormente descritas debido á súa recomendación nas guías de práctica clínica consultadas.

3.2. Xustificación do traballo

A realidade que caracteriza ao embarazo en España está ligada ao incremento da idade maternal durante a xestación, como así recolle o Informe Anual do SNS de 2018, indicando que a idade media se atopa nos 32.1 anos. Concretamente, Galicia é a comunidade autónoma con máis nacementos de nais con idade superior a 34 anos, cun 44.5% (30).

Do mesmo xeito, o desenvolvemento do proceso de parto nun 25% das mulleres españolas e de forma idéntica, no contexto galego, caracterízase polo intervencionismo cirúrxico a través de cesárea, sendo Extremadura a comunidade autónoma con maior porcentaxe de cesáreas (28.9%), un porcentaxe moi afastado do recomendado pola OMS, un 10%-15% (31,32). Ambas características están interrelacionadas, ao considerarse a idade tardía un factor de risco para a cesárea e, ao mesmo tempo, para a presenza da IU tanto no embarazo como no posparto (19,33).

Concretamente, a abordaxe destas patoloxías é especialmente importante, debido non só á afectación física que sofren estas pacientes, senón á afectación social e mental que produce una diminución da súa calidade de vida. Este impacto, recollido a través de diversos cuestionarios, mostran peores resultados en mulleres con IU durante o embarazo e ata 12 meses posparto, en comparación con mulleres embarazadas e puérperas sen esta afectación, principalmente nos ítems de valoración mental (2,34). Do mesmo xeito, a falta de exteriorización e, consecuentemente, de normalización das afectacións uroxicológicas, obstaculiza de forma crítica a abordaxe tanto preventiva como terapéutica das mesmas. É importante resaltar a existencia dun constructo social que continúa relacionando

inexorablemente a IU coa terceira idade, obviando outras realidades posibles como a obstétrica (35).

Así mesmo, a incerta prevalencia desta patoloxía dificulta coñecer o impacto económico da mesma sobre o SNS. Considérase que unha persoa con IU visita ata tres veces máis ao seu médico de cabeceira e especialista que unha persoa sa (36). Ademais, o emprego xeneralizado de produtos absorbentes nesta poboación está estimada entre un 50-78.83%. Se temos en conta que no ano 2005, o 37.9% dos gastos directos sanitarios se produciron pola compra de diversos tipos de absorbentes, podemos intuír o impacto desta patoloxía a nivel económico (36). Tendo en conta este contexto, o presente traballo realizase buscando aclarar o papel da fisioterapia no ámbito da prevención da IU en relación co embarazo e posparto e a influencia que ten no desenvolvemento do parto, tanto na duración como no modo de dar a luz.

4. Obxectivos

4.1. Pregunta de investigación

Para a realización desta revisión bibliográfica, fórmase a seguinte pregunta de investigación: Cal é a eficacia do exercicio durante o embarazo para o tratamento e prevención da incontinencia urinaria en mulleres embarazadas, tanto na xestación como no posparto, así como a súa influencia no modo de parto (vaxinal ou cesárea) e na duración do mesmo?

Dita pregunta de investigación establécese a partir da seguinte pregunta PICO:

Patient (Paciente): mulleres embarazadas en calquera trimestre, con ou sen incontinencia urinaria, principalmente de esforzo.

Intervention (Intervención): realización durante o período de embarazo de exercicio aerobio, aplicado de forma illada ou en combinación con pautas educativas e/ou nutricionais, de tipo xeral (dirixidos ao estiramento ou fortalecemento muscular) ou específico (EMSP ou exercicios de Kegel, hipopresivos).

Comparison (Comparación): grupo de abordaxe convencional, con outra técnica ou non intervención.

Outcomes (Resultados): prevalencia da incontinencia urinaria durante o embarazo tardío e/ou o posparto, medida a través de PadTest, diario de micción, auto reporte de fugas e/ou

cuestionarios de calidade de vida xerais ou específicos da IU, ademais da ratio de cesáreas pos intervención e duración (minutos) das diferentes etapas do parto.

4.2. Obxectivo xeral

Analizar a evidencia sobre o impacto da abordaxe física activa durante o embarazo tanto na IUE no propio embarazo e no posparto, como no tipo de parto e duración do mesmo.

4.3. Obxectivos específicos

1. Determinar o grao de calidade científica da literatura atopada.
2. Analizar a influencia do exercicio xeral e específico realizado durante a xestación nas variables de parto e IU e en comparación coa observación ou outro tipo de abordaxe.
3. Comparar o grao de eficacia en mulleres continentes e incontinentes das técnicas sobre a IU no embarazo tardío e nos distintos períodos posparto (a corto, medio e largo prazo)
4. Comparar a efectividade do exercicio específico fronte ao xenérico e dos protocolos empregados na IU, tipo e duración do parto.
5. Coñecer a existencia ou non de efectos adversos nas técnicas empregadas.

5. Material e método

5.1. Data da revisión e bases de datos

A busca de información realizouse dende Xaneiro de 2020 coa última actualización o 22 de Abril de 2020, dirixida tanto a traballos orixinais como ás revisións existentes. As bases de datos empregadas atópanse na Táboa 1:

Táboa 1: Bases de datos empregadas.

BASE DE DATOS	DESCRIPCIÓN
Cochrane:	Base de datos internacional e multidisciplinar.
NIHL:	Base de datos do Instituto Nacional de Investigación en Saúde do Reino Unido.
PEDro:	Base de datos internacional de Fisioterapia.
PubMed	Base de datos internacional de ciencias da saúde

Scopus: Base de datos internacional e multidisciplinar.

Web of Science Base de datos internacional e multidisciplinar.

5.2. Criterios de selección

Criterios de inclusión comúns dos traballos:

1. Escritos en inglés, castelán ou portugués.
2. Dirixidos á poboación humana feminina embarazada.
3. Realización dunha abordaxe a través dunha ou varias técnicas activas de fisioterapia (exercicio) a nivel xeral ou específico da cavidade abdominal e do solo pélvico.

Criterios de exclusión comúns dos traballos:

1. Sen análise das variables de IU, tipo ou duración de parto.
2. Ausencia de especificación da forma de medida das variables de estudo.
3. Dirixidos exclusivamente á poboación con patoloxía ou con factores de risco.
4. Dirixidos a poboación mixta onde as embarazadas supoñan <75% da mostra ou os datos non aparezan segmentados
5. Omisión da especificación da data de inicio da abordaxe ou que a terapia continúe no posparto sen mostrar polo menos unha medida de interese na fase final do embarazo ou no parto.

Criterios de exclusión específicos das revisións:

1. Traballos que non sexan do tipo revisión sistemática con ou sen meta análise.
2. Revisións publicadas antes do 2015.
3. Ausencia da análise de polo menos un estudo experimental controlado de interese.
4. Traballos que analicen exactamente os mesmos estudos que outras revisións de maior prestixio.
5. Traballos que non analicen de forma segmentada os estudos con exercicio como intervención única ou que inclúan máis dun 25% de estudos con terapia combinada de exercicio e outra técnica distinta de consellos nutricionais ou preventivos xenéricas.

Criterios de exclusión específicos dos ensaios clínicos:

1. Traballos que non sexan de tipo experimental controlado (con grupos independentes ou de tipo cruzado) aleatorizados ou non.
2. Estudos publicados antes da última data de busca bibliográfica das revisións.
3. Intervención adicional ao exercicio no grupo experimental a excepción dos consellos nutricionais ou preventivos xenéricas

5.3. Estratexia de busca

A busca realizouse nas bases de datos nomeadas na Táboa 1 empregando as palabras clave, tanto xerais como específicas (Táboa 2), interrelacionadas, cando era posible, cos conectores booleanos AND e OR. Tódalas buscas se realizaron no apartado de “*Búsquedas avanzadas*”, obtendo finalmente 15 traballos incluídos para a revisión.

As buscas foron estruturadas en dúas fases, unha para obter as revisións sistemáticas existentes nos últimos cinco anos e outra para localizar os ensaios clínicos de publicación posterior á última data de busca realizada nas revisións sistemáticas e, que polo tanto, non foron analizadas nelas (Anexo 1 e Anexo 2).

Táboa 2: Palabras claves de xerais a específicas.

<u>Exercise</u>	<u>Perinatal outcomes</u>	<u>Urinary incontinence</u>
Exercise therapy	Delivery outcomes	Stress urinary incontinence
Pelvic floor muscle training	Delivery modes	SUI
Pelvic floor muscle exercise	Maternal health outcomes	
PFMT	Delivery obstetric	
PFME	Pelvic floor	
Pilates		
Kegel		
Aerobic exercises		
Resistance exercises		
Breathing exercises		
Hypopressives		

A busca iniciouse na base de datos PubMed, onde foron empregados, sempre que era posible, os termos específicos MeSH. Os resultados desta busca serviron como referencia para a eliminación dos traballos repetidos.

A busca de revisións sistemáticas determinou a filtración temporal da busca dos ensaios clínicos. Concretamente, na base de datos de PubMed, onde se obtiveron 7 revisións sistemáticas, a busca máis antiga foi realizada en Decembro de 2013 polo que os ensaios clínicos foron buscados a partir de 2014 (37). Realizouse o mesmo procedemento en Scopus, cunha última busca en Febreiro de 2019. Nas bases de datos Web of Science e PEDro non se incluíron revisións sistemáticas polo que se realizou a busca de ensaios clínicos no período dos últimos 5 anos.

Os resultados obtidos indícanse nas figuras 1 e 2.


5.4. Xestión da bibliografía localizada

Todas as referencias bibliográficas empregadas nesta revisión foron xestionadas a través do programa Mendeley.

5.5. Selección de artigos


Preséntanse a continuación os diagramas de fluxo da bibliografía empregada.

Figura 1: Diagrama de fluxo da busca de revisións sistemáticas.



CI/CE: Criterios de inclusión e exclusión, Tto: tratamento. * Non se inclúe NIHIL porque non se acadaron estudos relevantes.

Figura 2: Diagrama de fluxo das buscas de ensaios clínicos.



CI/CE: criterios de inclusión e exclusión, Tto: tratamento. * Non se inclúe NIHL porque non se acadaron estudos relevantes.

5.6. Variables de estudo

1. Tipo de publicación.
2. Obxectivos primarios e secundarios.
3. Características da mostra empregada na publicación:
 - 3.1. Número de participantes e características dos mesmos nos ensaios clínicos.
 - 3.1.1. Idade das participantes.
 - 3.1.2. Semanas ou trimestre de xestación.
 - 3.1.3. Presenza de continencia ou non ó inicio do programa
 - 3.2. Número e tipo de artigos empregados nas revisións sistemáticas e/ou meta-análises.
4. Características do programa:
 - 4.1. Duración do programa.
 - 4.2. Número de sesións totais.
 - 4.3. Frecuencia das sesións.
 - 4.4. Duración das sesións.
 - 4.5. Supervisión das sesións.
5. Elementos da intervención:
 - 5.1. Tipos de exercicios levados a cabo.
 - 5.2. Protocolo de realización
 - 3.2.1 Fases do protocolo.
 - 3.2.2 Intensidade.
 - 3.2.3 Tempos de actividade e descanso.
 - 3.2.4 Monitorización das participantes.
6. Resultados:
 - 6.1. Avaliación das variables (IU, modo e duración de parto).
 - 6.2. Seguridade da técnica a través da presenza ou non de efectos adversos.

5.7. Avaliación da calidade metodolóxica e niveis de evidencia

A avaliación da calidade da bibliografía incluída nesta revisión realizarase indirectamente mediante o criterio específico da base de datos WoS, Journal Citation Report (JCR) ou o da base de datos Scopus, Scimago Journal and Country Rank (SJC). Adicionalmente, a calidade metodolóxica dos ensaios clínicos será analizada coa escala PEDro.

O nivel de evidencia dos traballos incluídos será avaliada a través do sistema Scottish Intercollegiate Guidelines Network (SIGN) (38). Nas revisións considerarase o nivel de sesgo expresado na propia revisión e o cuartil da revista no ano da súa publicación (aceptando como fiables os Q1 e Q2 e, con maior nivel de sesgo, a partires do Q3). No caso dos ECA individuais, só os estudos de calidade alta, de puntuacións entre 9 a 10, (39) serán clasificados como de moi baixo nivel de risco e os de 8 como de baixo risco (40). O resto consideraranse de alto risco.

6. Resultados

Finalmente, incluíronse 15 traballos: 9 revisións sistemáticas e 6 ensaios clínicos aleatorizados (ECA), cuxa calidade metodolóxica e nivel de evidencia se recolle na Táboa 3. A media da calidade segundo a escala PEDro dos ECA adicionais ás revisións foi de 5,5.

Táboa 3: Niveis de evidencia (SIGN) e calidade metodolóxica dos traballos incluídos segundo factor de impacto da revista onde foron publicados e escala PEDro para os ensaios clínicos.

Estudo	Tipo de traballo	Revista	JCR/SJC	Factor de Impacto	Cuartil	Escala PEDro	Nivel de evidencia
Woodley SJ et al., 2017 (18)	RS	Cochrane Database of Systematic Reviews	JCR	6,754	Q1	-	1-
Di Mascio D. et al. 2016 (41)	RS	American Journal of Obstetrics and Gynaecology	JCR	5.226	Q1	-	1+
Davenport M. et al., 2018 (42)	RS	British Journal of Sports Medicine	JCR	2.702	Q2	-	1-
Perales M. et al. 2016 (43)	RS	Early Human Development	JCR	2.169	Q2	-	1-
Poyatos-León R. et al. 2015 (37)	RS	Acta Obstetrician et Gynaecological Scandinavica	JCR	2.191	Q2	-	1+
Du Y. et al., 2015 (44)	RS	International Urogynaecology Journal	JCR	1.834	Q2	-	1-
Schreiner L. et al. 2017 (45)	RS	International Federation of Gynaecology and Obstetrics	JCR	1.671	Q3	-	1-

Masoud A. et al, 2020 (46)	RS	Journal of Gynaecology, Obstetrics and Human Reproduction	JCR	1.034	Q4	-	1-
Jorge C. et al, 2015 (47)	RS	Current Women's Health Reviews	SJC	0.11	Q4	-	1-
Brik M. et al, 2019 (48)	ECA	Ultrasound in Obstetrics and Gynaecology	JCR	5.595	Q1	5/10	1-
Szumilewicz A. et al., 2019 (49)	ECA	Frontiers of Physiology	JCR	3.634	Q2	4/10	1-
Sanda B. et al., 2018 (50)	ECA	Acta Obstetrician et Gynaecological Scandinavica	JCR	2.741	Q2	6/10	1-
Rodríguez- Blanque R et al. 2019 (51)	ECA	Peerj	JCR	2.353	Q2	6/10	1-
Barakat R. et al., 2019 (52)	ECA	Brazilian Journal of Physical Therapy	JCR	1.879	Q2	7/10	1-
Fayiz F. et al., 2018 (53)	ECA	Integrative Medicine International	JCR	0.948	Q4	5/10	1-

RS: revisión sistemática, ECA: ensaio clínica aleatorizado, JCR: Journal Citation Report, SJC: Scimago Journal and Country Rank

Cabe destacar que todos os artigos incluídos tanto nas revisións sistemáticas como os propios ensaios clínicos aleatorizados presentan unha división aleatorizada en grupo control (GC) e grupo intervención (GI), a excepción de *Sanda B. et al.* (50), onde ademais se realiza unha subdivisión das participantes segundo o nivel de exercicio físico ás 36 semanas de xestación, dando lugar a un grupo de actividade alta (GAA) e un grupo de actividade baixa (GAB), polo que os resultados se analizan en relación co nivel de actividade habitual e coa realización do tratamento de fisioterapia. A división aleatorizada das participantes nos ECA responde a ratios 1:1 (50–53), 1:2 (49) e 3:5 (48) a favor do GI.

A poboación analizada en todos os traballos incluídos nesta revisión caracterízase por oscilar entre os 18 e 45 anos de idade, sen especificar a porcentaxes de nulíparas e múltiparas nin o nivel de actividade física habitual, con embarazos únicos sen risco, nas que a intervención foi realizada en calquera dos tres trimestres e en presenza ou non de incontinencia urinaria. Dita abordaxe preventiva e/ou terapéutica con exercicio físico acompañouse ademais só nun

ECA de consellos dietéticos (50). O GC, pola contra, recibiu o coidado prenatal habitual, integrado polas revisións xinecolóxicas, información sobre ergonomía e vida saudable.

Os programas de exercicio físico foron maioritariamente de tipo grupal e supervisado, tanto por fisioterapeutas como enfermeiras e matronas, a excepción de *Fayiz F. et al* cuxa intervención era individual, domiciliaria e non supervisada (53). A intensidade á que se realizaron oscilou entre moi baixa a moderada, reguladas a través da escala de Borg, capacidade de fala e/ou frecuencia cardíaca.

Só catro dos traballos analizados (18,37,49,54) recollen os efectos adversos da intervención realizada en relación coa saúde materno-filial e o desenvolvemento do parto. A excepción dun estudo analizado (55) na revisión sistemática de *Woodley SJ et al.* (18) que reportaba a realización de EMSP como fonte de dor en dúas das 43 participantes, imposibilitando continuar coa intervención, o resto de traballos non presentaron ningún efecto adverso.

A continuación, preséntanse as Táboas 4 e 5 que recollen os datos principais de cada revisión sistemática e ECA incluídos neste traballo. En cor negra inclúense as revisións e en azul os estudos individuais. Na Táboa 4 recóllense os estudos que valoran a influencia do exercicio sobre a IUE e na Táboa 5 os que recollen a influencia sobre o tipo e/ou duración do parto. Todos os traballos aparecen recollidos coas intervencións que analizaban podendo atopar un mesmo traballo (18) con diferentes intervencións segundo a poboación ou a variable de interese estudada. Así mesmo, na Táboa 6 descríbense todos os ECA analizados nas revisións sistemáticas cos protocolos que se realizaron e a súa calidade metodolóxica analizada a través da escala PEDro.

Táboa 4: Abordaxes preventivas e/ou terapéuticas na Incontinencia Urinaria.

ABORDAXE PREVENTIVA DA INCONTINENCIA URINARIA												
Ref.	Intervención	Nº participantes e características (nº ECA)	Resultados embarazo tardío		Resultados posparto inmediato (<3 meses)		Resultados posparto medio (3-6 meses)		Resultados posparto tardío (6-12 meses)		Resultados posparto (> 12 meses)	
			Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV
Woodley SJ et al (2017) (18)	EMSP + Aerobio + Resistencia	N= 1.384 (10 ECA)*	↓ 62% (RR 0.38, 95%IC 0.20-0.72)	↓ 64% síntomas (RR 0.36, 95%IC 0.19- 0.70)	↓ 62% (RR 0.38, 95%IC 0.17-0.83)	Non diferenza significativa (RR 0.09, 95%IC 0.02 a 0.47)	↓ 29% (RR 0,71, 95%IC 0,54-0,95)	↑ CdV (MD 7.2, 95%IC 2.36-12.04)	Non evidencia (RR 1.20, 95%IC 0,65-2.21)		↑ (RR 1.07, 95%IC 0,77-1.48)	
Jorge C et al (2015) (47)	EMSP + Aerobio + Resistencia	N= 1.024 de 20 semanas de xestación (2 ECA)			↓				Non diferenza significativa			
Davenport M et al (2018) (42)	Aerobio + EMSP	N=2.764* (15 ECA)	↓ 50% (RR 0.50, 95%IC 0.37-0.68)		Non diferenza (OR 0.09, 95%IC 0.00 - 1.78)							

ABORDAXE TERAPÉUTICA DA INCONTINENCIA URINARIA

Ref.	Intervención	Nº participantes e características (nº ECA)	Resultados embarazo tardío		Resultados posparto inmediato (<3 meses)		Resultados posparto medio (3-6 meses)		Resultados posparto tardío (6-12 meses)		Resultados posparto (> 12 meses)	
			Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV
Woodley SJ et al, (2017) (18)	EMSP	N= 1.150* (4 ECA)	Non diferenza significativa (RR 0.70, 95%IC 0.44-1.13)	↑ CdV (MD -3.50, 95% CI -6.13 a -0.87)	Non diferenza significativa (RR 0.94, 95%IC 0.70-1.13)		Non diferenza significativa (RR 0.50, 95%IC 0.13-1.93)		Non diferenza significativa (RR 0.55, 95%IC 0.29-1.07)			
Davenport M et al (2018) (42)	Aerobio + EMSP	N=2.316* (16 ECA)		↓síntomas (SMD-0.54, 95%IC -0.88 a -0.20)	↓ 37% (OR 0.63, 95%IC 0.51-0.79)		Non diferenza significativa					

ABORDAXE PREVENTIVA E TERAPÉUTICA DA INCONTINENCIA URINARIA

Ref	Intervención	Nº participantes e características (nº ECA)	Resultados embarazo tardío		Resultados posparto inmediato (<3 meses)		Resultados posparto medio (3-6 meses)		Resultados posparto tardío (6-12 meses)		Resultados posparto (> 12 meses)	
			Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV	Presenza IU	Síntomas ou CdV
Woodley SJ et al (2017) (18)	EMSP + Aerobio + Resistencia	N= 3.516* (11 ECA)	↓ 26% (RR 0.74, 95%IC 0.61-0.90;	Non diferencia significativa (MD-0.20, 95%CI -1 a 0.81)	↓ 20% (RR 0.80, 95%IC 0.67-0.95)	Non diferencia significativa (MD-0.20, 95%CI -1 a 0.81)	↓ 27% (RR 0.73, 95%CI 0.55-0.97	Non diferencia significativa (MD-0.20, 95%CI -1 a 0.81)	Non diferencia significativa (RR 0.85, 95%CI 0.63-1.14)	Non diferencia significativa (MD-0.20, 95%CI -1 a 0.81)	Non diferencia significativa (RR 1.38, 95%IC 0.77-2.45)	
Schreiner L et al (2018) (45)	EMSP	N= 2529* (11 ECA)					↓**					
Jorge C et al (2015) (47)	Aerobio + EMSP	N=1.024* (2 ECA)		↓ síntomas								
Szumilewicz A et al (2019) (49) ECA	3/semana 60'/sesión 20' aerobio 25' resistencia + EMSP 10' estiramento-respiración	N=97 entre 20-26 semanas xestación		Non diferencia significativa CdV (7.85% vs 0.93%) p=0,59 p=0,81								

*CdV: calidade de vida, IU: incontinencia urinaria, RR: risco relativo, OR: odds ratio, ECA: ensaio clínico aleatorizado, EMSP; exercicios musculatura solo pélvico, SMD: (standardized mean difference) diferenza estandarizada de medias. ↑: melloran as variables no GI con respecto ó GC, ↓: empeoran as variables no GI con respecto ó GC *Traballos nos que se realizou o sumatorio da mostra dos ECA que analizaban as variables de interese. **Non se especifica a temporalización do efecto do EMSP na redución da IU*

Táboa 5: Abordaxes con influencia no modo e duración de parto.

Ref.	Nº participantes + características (nº ECA)	Intervención (tipo de exercicio)	Tipo de parto	Duración do parto en minutos		
				1º fase	2º fase	3º fase
Di Mascio D et al. (2016)(41)	N=2.059 < 23 semanas de xestación (9 ECA)	Aerobio + EMSP + resistencia + respiración 3-4/semana de 35-90'/sesión	↑ parto vaxinal (RR 1.09, 95%IC 1.04-1.15) e ↓ de cesárea (RR 0.82, 95%IC 0.69-0.97)			
Woodley SJ et al. (2017)(18)	N=373 (3 ECA)	Aerobio + EMSP + Resistencia NE frecuencia/duración	Non diferenza significativa cesáreas (RR 1.28, 95%IC 0.89-1.85)			
Du Y et al. (2015)(44)	N=826 (9 ECA)	EMSP de 8-20 semanas de duración Duración/sesión e nº sesións NE 3-12 rep Tempo contracción-relaxación: 3"a 10"		↓ GI (WMD= -28.33, 95%IC -42.43 a -14.23) p=0,497	↓ GI (WMD= -10.41, 95%IC -18.38 a -2.44) p=0,016	
Perales M et al. (2016)(43)	N= 1.295* (4 ECA)	Aerobio + Resistencia NE frecuencia/duración	↓ cesáreas en GI	↓ menor duración en GI		
Masoud et al. (2020)(46)	N=2.533 (12 ECA)	EMSP+ Aerobio + Resistencia + Estiramientos + Respiratorios NE frecuencia/duración		↓ GI (MD = -41.42, 95%IC -67.64 -15.20) p = 0,002	↓ GI (MD = -8.22, 95%IC -14.24, -2.21) p < 0,0001	

Ref.	Nº participantes + características (nº ECA)	Intervención (tipo de ejercicio)	Tipo de parto	Duración do parto en minutos		
				1º fase	2º fase	3º fase
Poyatos-León M et al. (2015)(37)	N= 3.160 (10 ECA)	Aerobio+ EMSP + Resistencia + Estiramiento+ 3-4/semana 35-60'/sesión	↑ parto vaxinal (RR 1.14, 95IC% 1.01-1.34) (p=0,048) ↓ cesáreas (RR 0.66, 195%IC 0.46-0.96) p=0,028			
Schreiner L et al. (2017)(45)	N=439 (3 ECA)	EMSP 3-4/semana 20'-60'/sesión 3-4 series de 10 rep Tempo contracción-relaxación: 6"- 8" a 10"		↓ P<0,01		
Jorge C et al. (2015)(47)	N=1.266* de 6-20 semanas de xestación (3 ECA)	EMSP + Aerobio (NE frecuencia/duración)	↓ cesáreas en GI		↓	
Rodríguez-Blanque R et al. (2019) ECA (51)	N= 140 entre 20-30 semanas de xestación (1 ECA)	Aerobio acuático 3/semana 60'/sesión (45' de actividade e 15' de relaxación)		↓ (260' [137.50 - 390.00] GI vs 405' [295.00 - 498.75] GC) p<0,001	↓ (90' [30.00 - 187.50] GI vs 152' [70.00 - 210.00] GC) p=0,007	Non diferencia (5' [5.00 - 10.00] GI vs 8' [5.00 - 10.00] GC) p=0,383
Sanda B et al. (2018) ECA (50)	N=589 entre 18-40 semanas de xestación. GAA: 131 GAB: 140 (1 ECA)	2/semana 60'/sesión 10' quecemento 40' de exercicio aerobio e de resistencia (core + solo pélvico) 10' estiramientos (NE grupos musculares)	Non diferencia en cesáreas GI vs GC (OR 1,03, 95%IC 0,60-1,77) p= 0,90 ↓ cesáreas en GAA (OR 0.33, 95%IC 0.11-0.97) p= 0,044	↑ (293' ± 202' GI vs 257' ± 181' GC') p=0,030 (258' ± 184' GAA vs 270' ± 167' GAB) p =0,60	Non diferencia significativa GI vs GC (70 ± 43' en GI vs 66 ± 42') p = 0,49 GAA vs GAB (69 ± 43' en GI vs 72 ± 43)	

			↑ parto vaxinal GAA (OR 2.69, 95%IC 1.02-7.09) p= 0,046	p = 0,62
<u>Brik M et al. (2019)</u> ECA(48)	N=120 entre 20-36 semanas de xestación (1 ECA)	3/semana 60'/sesión 10' quecemento 25' de exercicio aerobio 10' de resistencia 5' EMSP 10' estiramientos e equilibrio (NE grupos musculares)	Non diferenza significativa partos vaxinais (OR 1,03, 95%IC 0,60-0.1,77) p=0,86	
<u>Barakat R et al. (2019)</u> ECA(52)	N= 456 entre 8-39 semanas de xestación (1 ECA)	3/semana 50-55'/sesión Aerobio + Resistencia + EMSP + Estiramientos (NE tempos)	Non diferenza significativa partos vaxinais GC 138 (62.2%) vs GI 156 (66.7%) p= 0,41	
<u>Fayiz F et al. (2018)</u> ECA(53)	N=20 entre 20-36 semanas xestación (1 ECA)	EMSP 3 series de 8-12 rep c/6'' contracción-relaxación	↑ partos vaxinais GI (9 vs 0) ↓ cesáreas GI (0 vs 5) (p=0,000).	

ECA: ensaio clínico aleatorizado, GI: grupo intervención, EMSP: exercicios do solo pélvico, RR: risco relativo, OR: odds ratio, WMD: (weighted mean difference) diferenza de medias ponderadas, 95% IC: intervalo de confianza ó 95%, MD: (mean difference) diferenza de medias, GAA: grupo alta actividade, GAB: grupo baixa actividade, rep: repeticións.

Táboa 6: ECA analizados en cada unha das revisións incluídas neste traballo.

Ref.	ECA	Frecuencia e duración tratamento (semanas xestación)	Frecuencia e duración das sesións c/supervisión (non supervisión)	EMSP (frecuencia e duración)	Exercicio aerobio	Exercicio resistencia	Estiramientos	Exercicios respiración	Calidade metodolóxica
Woodley SJ et al. (2017) (18)	Assis 2015	18 a 34 semanas de xestación	(1/día duración NE)	10 rep lentas c/6'' contracción e relaxación e 3 rápidas.	-	-	-	-	5/10
	Barakat 2011	6 a 39 semanas de xestación	3/semana de 35'-45'/sesión	NE Tempo total 7'-8'	NE	NE	NE	NE	6/10
	Bo 2011	12 semanas	3/semana de 60'/sesión	3 series de 8-12 rep en 15'	NE	NE	-	-	7/10
	Cruz 2014	12 sesións	2/semana (duración NE)	NE	-	-	-	-	6/10
	Dinc 2009	NE	NE	3 series de 10 rep c/10'' contracción e relaxación	-	-	-	-	4/10
	Dokmeci 2008	NE	NE	NE	-	-	-	-	5/10
	Fritel 2015	6 a 8 meses de xestación. 8 sesións	1/semana 20'-30'/sesión	10-20 rep	-	-	-	-	7/10
	Frumenzio 2014	8 semanas	2/semana 20'/sesión	NE	-	NE	-	-	NE
	Gaier 2010	12 semanas	NE	NE	-	-	-	-	NE
	Gorbea 2004	8 semanas	1/semana 60'/sesión	NE	-	-	-	-	6/10
	Hughes 2001	20-40 semanas xestación	(1/día duración NE)	NE	-	-	-	-	4/10
	Ko 2011	12 semanas	1/ semana 45'/sesión (2/día)	NE	-	-	-	-	6/10
	<u>Kocaoz 2013</u>	14 semanas xestación ata 12	(3/día duración NE)	3 series 10 rep c/10'' contracción e relaxación	-	-	-	-	2/10

	semanas posparto								
Miquelutti 2013	18-38 semanas xestación	50' sesión (nº sesións NE)	NE	NE	-	-	-	6/10	
Morkved 2003	12 semanas	1/semana 60'/sesión	2 series 8-12 rep	NE	Abdominal, tronco e MMII	-	NE	8/10	
Pelaez 2014	22 semanas (70- 78 sesións totais)	3/semana 60'/sesión	NE	NE	NE	-	-	7/10	
Reilly 2002	20-40 semanas xestación	(1/día duración NE)	NE	-	-	-	-	7/10	
<u>Sampselle 1998</u>	20 semanas xestación a 12 semanas posparto	NE	30rep	-	-	-	-	6/10	
Sangsawang 2016	6 semanas	5/semana 45'/sesión	NE	-	-	-	-	6/10	
Skelly 2004	NE	NE	NE	-	-	-	-	6/10	
Stafne 2012	12 semanas	1/semana 60'/sesión	NE	30-35' exercicios baixo impacto	20-25' (NE grupos musculares)	5-10' (NE grupos musculares)	-	7/10	
<u>Stothers 2002</u>	NE semana de inicio. Finaliza 1 ano posparto	2/mes (duración NE)	NE	-	-	-	-	NE	
Woldringh 2007	23 a 30 semanas xestación	3/semana 30'/sesión	NE	-	-	-	-	4/10	
<u>Chavez 2004</u>	28 semanas xestación ata 6 semanas posparto	NE	NE	-	-	-	-	6/10	
Morkved 2007	20-36 semanas xestación	1/semana 60'/sesión (2/día)	3 series de 8-12 rep	15-20' baile	30-35' abdominal e MMII	5-10' (NE grupos musculares)	5-10' (NE grupos musculares)	8/10	

Davenport M et al. (2018)
(42)

									3 series 10 rep
Mason 2010	20-36 semanas xestación	(4/semana 2/día)	8-12 rep máx	-	-	-	-	-	4/10
Barakat 2011	6 a 39 semanas de xestación	3/semana de 35'-45'/sesión	NE Tempo total 7'-8'	NE	NE	NE	NE	NE	6/10
<u>Sampselle 1998</u>	20 semanas xestación a 12 semanas posparto	NE	30rep	-	-	-	-	-	6/10
